



## UNIFORMIDADE

Versión 2.3 do 24/10/2019

A nosa federación conta cunha uniformidade formada por **un polo** exactamente igual para todos os grupos da federación e máis un pano ou **pañola** (diferente para cada grupo). Tamén inclúe un sinxelo sistema de **insignias** que van cosidas no polo. A pañola é un símbolo da "promesa scout" e polo tanto so se incorpora ao uniforme da persoa a partir do momento no que a formula.

Se queres coñecer máis sobre a importancia e sentido da uniformidade en ASDE - Scouts de España podes consultar o documento ["Uniformidad y Otros Símbolos"](#)

### Cando hai que levar posta a pañola?

A pañola, para aquelas que xa contan coa promesa, aconsellamos que se leve sempre durante todo o tempo que estamos desenvolvendo actividades scouts, e moi especialmente se as facemos xunto a outros grupos scout, porque axuda a distinguir de que grupo somos parte de xeito moi visual e rápido.

### Cando hai que poñer o uniforme completo?

O uniforme completo (polo e pañola) empregámolo en boa medida para dar visibilidade ao movemento scout e para poder identificar facilmente aos rapaces/zas cando estamos no exterior.

Daquela, con carácter xeral, o levaremos nas seguintes situacións:

- Cando saímos de campamento
- Cando voltamos de campamento
- Cando participamos en actividades federais
- Cando temos unha actividade no exterior (xogos de cidade, excursións, actos)
- Cando hai cerimonia (dunha promesa, pasos de rama, etc.)

Salvo que se indique o contrario, non é necesario empregalo polo tanto en:

- Reunións (actividades dos sábados)
- Durante o transcurso das actividades dos campamento

Nunca debe de usarse fora do contexto scout para actos ou actividades de tipo persoal.

Esta é unha información que irán adquirindo as rapazas e rapaces ao longo do tempo, interiorizando estes usos e costumes culturais do grupo e será a súa responsabilidade, e non da familia, saber cando o teñen que traer, especialmente canto máis maiores son ou máis tempo levan no grupo. En calquera caso, para facilitar as cousas adoitamos lembrar nos correos electrónicos de convocatoria das actividades e campamentos se deben de traer o uniforme.




## As insignias

Son uns parches de tea bordada que se colocan no polo e serven para identificar ao grupo scout e federación territorial da é parte a persoa portadora e tamén en que sección e etapa de progresión se atopan.

Non é posible, en ningún caso, colocar ningún outro símbolo ou emblema no polo diferente a as insignias oficiais.

### Que insignias deben de colocarse?

- **Insignia de progresión:** Indica a sección da que forma parte e na etapa de progresión na que se atopa. Loxicamente cando un rapaz ou rapaza avanza de etapa de progresión debe de cambiar a súa insignia. Hai tres etapas de progresión para cada sección:



#### Manda:

- Rastro de Akela
- Rastro de Baloo
- Rastro de Baghera

#### Sección Scout (Tropa)

- Senda do compromiso
- Senda do desafío
- Senda da colaboración

#### Unidade Esculta

- Camiño da aprendiz
- Camiño do padawan
- Camiño do jedi

#### Scouters

- Insignia única

- **Insignia de pertenza:** Esta insignia é igual para todos os membros do grupo, e nela consta o nome da entidade "Grupo Scout ILEX 695" e o da federación territorial da que somos parte "ASDE - Scouts de Galicia"





## Onde se colocan?

O lugar onde vai cada unha é moi concreto e explicado no seguinte gráfico. As insignias, aínda que son termoadhesivas, deben ir cosidas de xeito que poidan ser substituídas cando corresponda. Na medida do posible, os rapaces e rapazas cosan as súas propias insignias.



1

Colocamos o polo estirado pola liña de dobrado que trae de serie

Lado **dereito**  
Ins. pertenza

Lado **esquerdo**  
Ins. progresión



2

Buscamos a liña de corte do tecido azul escuro



3

Colocamos a insignia a 2 cm aprox. da liña de corte do tecido azul escuro, orientada como se ve na foto



4

Ao volver á liña de dobrado, así debería de quedar

## Cando se cambian?

A insignias de pertenza é sempre a mesma e polo tanto no se cambia (agás que se cambie de grupo), pero a insignia de progresión cambia cada vez que se cambia de etapa de progresión ou cando cambia de sección. Cando acontece algunha destas situacións debe retirarse a anterior e colocar nova, nunca son pois acumulativas.

Os rapaces e rapazas avisarán as súas familias do cambio de progresión para que saiban cando debe de producirse o cambio, agás na sección de MANDA onde o aviso á familia virá ordinariamente dos Vello Lobos.



Ilex 695

r/Pena Trevinca, 32 baixo  
32005 Ourense

ilex695@scout.es

www.scoutsourense.org



Cando cambian as insignias de progresión, podedes optar por comprar a nova ou ben podedes entregar a anterior (si é que se conserva en boas condicións) a cambio na nova.

### **Onde mercar os elementos de uniformidade**

Para facilitar ás familias a adquisición do material oficial facemos compras ao por maior e ofrecémolo a prezo de custe. Podes facer o encargos a través do [formulario](#) da web.